



CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

BASES REGULADORAS DO SERVIZO “BOS DÍAS COLE” DO CONCELLO DE BARBADÁS CURSO 2020/2021

Artigo 1: Obxectivo e ámbito de aplicación.

- As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión e funcionamento do servizo “Bos Días Cole” nos centros docentes CEIP Filomena Dato e CEIP O Ruxidoiro pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Barbadás.
- O obxectivo do servizo é facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar da cidadanía do Concello de Barbadás coa apertura dos centros docentes antes e despois do horario lectivo de cada centro.

Artigo 2: Destinatarios

O servizo “Bos Días Cole” está dirixido a familias con nenos/nenas matriculados/as nos centros educativos pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Barbadás (CEIP Filomena Dato e CEIP O Ruxidoiro) durante o curso 2020/2021.

Artigo 3: Requisito para a admisión

Serán requisitos indispensables para a admisión do neno/a no servizo “Bos días Cole” os seguintes:

- Estar ao corrente de pago do servizo durante os cursos anteriores.
- A acreditación da incompatibilidade horaria da/das persoa/pessoas ás que pertenza a súa garda e custodia segundo os seguintes casos:
 - No caso de unidades familiares formadas por ambos proxenitores, a incompatibilidade de ambos os dous proxenitores.
 - No caso de familias monoparentais, a incompatibilidade do proxenitor que forme a unidade familiar.
 - Cando non exista vínculo matrimonial, e a custodia corresponda a ambos proxenitores, a incompatibilidade de ambos proxenitores.
 - No caso de separación legal ou divorcio:
 - Se a custodia é compartida: a incompatibilidade de ambos os dous proxenitores en relación cos períodos de tempo que teñan o seu cargo os menores.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

- Se a custodia corresponde a un só proxenitor, a incompatibilidade de dito proxenitor.

Admitirse incompatibilidade horaria só:

- Por motivos laborais.
- Pola realización de estudos oficiais, presenciais e diúrnos. Consideraranse estudos oficiais:
 - Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
 - Estudos Universitarios.
 - Formación Profesional ou cursos de formación para adultos.
 - Escola Oficial de Idiomas.
 - Doctorados-Másteres.
- Outras situacións especiais debidamente acreditadas.

A falta de acreditación das circunstancias que dan dereito ó acceso a “Bos Días Cole”, suporá a non admisión automática por presunción de incumprimento dos mesmos.

Artigo 4: Nº de prazas ofertadas.

As prazas ofertadas quedarán condicionadas as disposicións aplicables que a administración autonómica e estatal dispoñan en relación coa apertura dos centros educativos e a distribución de espazos dentro dos mesmos, con motivo da incidencia do COVID-19.

- Quenda de mañá: 85 prazas no CEIP O Ruxidoiro e 60 prazas no CEIP Filomena Dato.
- Quenda de tarde: 30 prazas en ambos centros docentes.

Non se ofertarán prazas eventuais.

Artigo 5: Horario.

O horario de funcionamento do servizo “Bos Días Cole” será:

- Quenda de mañá: dende as 7:30 horas ata as 9:15 horas.
- Quenda de tarde: dende as 15:15 horas ata as 16:30 horas . Esta quenda quedará supeditada a existencia de comedor presencial nos colexiós.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

O servizo “Bos días Cole” permanecerá aberto os días lectivos fixados no calendario lectivo aprobado para cada centro docente.

Artigo 6: Normas de funcionamento

- Non será admitido ningún neno/a despois das 8:45 horas, salvo causa grave debidamente xustificada.
- A persoa responsable do/a neno/a non poderá acceder, en ningún caso, ao interior da instalación na que se está a realizar o servizo “Bos Días Cole”.
- O mal uso do servizo “Bos Días Cole” a criterio do Concello de Barbadás suporá a baixa inmediata, non podendo aproveitarse outra vez do mesmo ao longo do curso.
- O mal comportamento reiterado así como a falta de respeito ás instalacións, os materiais e o persoal dará lugar a un primeiro aviso á familia para moderar dito comportamento. De repetirse, dará lugar a expulsión do/a neno/a de maneira definitiva do servizo, non podendo aproveitarse outra vez do mesmo ao longo do curso, sen ter dereito á devolución do pago.
- Os solicitantes de “Bos días Cole” estarán obrigados a poñer en coñecemento da administración municipal calquera variación das circunstancias que determinan o dereito de acceso no momento no que se produza. O incumplimento deste deber poderá dar lugar a expulsión do alumno/a.
- O Concello resérvase o dereito de pedir a acreditación de que se seguen a cumplir as circunstancias que deron dereito ao servizo en calquera momento ao longo do curso escolar. De non acreditarse procederá á baixa do alumno/a do servizo.
- Para poder ser beneficiario/a do “servizo Bos Días Cole”, o/a neno/a deberá acudir ao servizo, na quenda indicada, ao menos 10 días nun período de 60 días. De non ser así darase de baixa ao neno/a do servizo en dita quenda.
- Poderán establecerse novas normas de uso derivadas da aplicación de protocolos de uso das instalacións dos centro educativos con motivo da incidencia do COVID-19.

Artigo 8. Criterios de adxudicación

As prazas adxudicaranse por orde, de maior a menor puntuación, ata rematar as prazas ofertadas en base a puntuación obtida segundo o baremo establecido no artigo 9 das presentes bases.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa.

Artigo 9. Baremo de puntuación

A puntuación total será a suma das puntuacións obtidas nos seguintes epígrafes:

1. Situación sociofamiliar:

1.1. Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos.

1.2. Por cada persoa que, non forma parte da unidade familiar e está ao seu cargo: 1 punto.

1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade: 2 puntos.

1.5. Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.

1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.

1.7. Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.

2. Situación económica:

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente

- Inferior ao 30 % do IPREM: +4 puntos.
- Entre o 30 % e inferior ao 50 % do IPREM: +3 puntos.
- Entre o 50 % e inferior ao 75 % do IPREM: +2 puntos.
- Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM: +1 punto.
- Entre o 100 % e inferior ao 125 % do IPREM: -1 punto.
- Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM: -2 puntos.
- Entre o 150 % e o 200 % do IPREM: -3 puntos.
- Superior ao 200 % do IPREM: -4 puntos.
-

Artigo 10. Cálculo da Renda per Cápita da unidade familiar

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables (calculados segundo o establecido no artigo 10.1 das presentes bases).

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

Artigo 10.1. Membros computables da unidade familiar

Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o tutor ou tutores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando exista custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Artigo 11. Documentación a achegar

Deberá presentarse ademais da solicitude debidamente cumplimentada a seguinte documentación:

1. Para a acreditación da incompatibilidade horaria a/as persoas fixadas no artigo 3 das presentes bases, deberán achegar:

- Por motivos laborais:
 - No caso de traballadores por conta allea: certificado da empresa en que se acredite o seu horario laboral.
 - No caso de traballadores por conta propia (autónomos) : declaración xurada do profesional que traballa por conta propia con indicación da xornada laboral e o último recibo en vigor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Pola realización de estudos: certificado oficial da institución que imparta o curso de que se trate no que se especifique o horario do mesmo.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

- No caso de que o menor conviva só con un dos seus proxenitores e non sexa familia monoparental: deberán achegar, ademais do anterior, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou medidas paternofilias nas que se especifique o proxenitor o que pertence a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais: deberán achegar ademais do anterior libro de familia.
- No caso de que non exista vínculo matrimonial, e ambos proxenitores convivan co menor: deberán achegar, ademais do anterior, certificado de convivencia expedido polo Concello correspondente.

2. Para o cálculo da renda per cápita, a/as persoas/pessoas fixadas no artigo 10 e 10.1 das presentes bases, deberán achegar:

- Para o cálculo dos ingresos obtidos durante o ano 2019:
 - Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2019. En caso de non non a presentasen certificación de empresa dos ingresos obtidos durante o ano 20189 ou se estivo cobrando algunha prestación durante o ano 2019, certificación por parte da entidade pagadora do total da prestación percibida durante dito ano.
 - No caso de non haber tido ingresos durante o ano 2019 e non haber presentado declaración do IRPF, certificado da Axencia Tributaria de non obter ingresos durante dito ano.
- Para o cálculo dos membros computables da unidade familiar:
 - Copia do libro de familia; na súa falta, outro documento que acredeite oficialmente a situación familiar.
 - No caso de fillos menores de idade emancipados, sentenza de emancipación.
 - No caso de minusvalía dalgún dos membros da unidade familiar, certificado do grado de minusvalía.
- Outros documentos en que consten incidencias familiares, económicas ou sociais que poidan puntuar no baremo.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

Artigo 12: Prazos e lugar de presentación de inscricións.

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 13 de xullo ata o día 7 de agosto de 2020.

A solicitude debidamente cumprimentada xunto coa documentación que corresponda deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedlectronica.gal>
- De forma presencial no rexistro con cita previa (Casa do Concello 988360000, Oficinas A Valenzá 988393168).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Artigo 13. Publicación dos admitidos/excluídos

O listado provisional de admitidos/as publicarase o día 21 de agosto de 2020 na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es).

Os listados definitivos publicaranse o 31 de agosto de 2020.

Artigo 14. Solicituds de alta fóra de prazo de inscrición.

Os/as interesados/as en solicitar a alta como usuarios/as poderán facelo tamén con posterioridade ao prazo de inscrición. Estarán suxeitos ás prazas dispoñibles.

Ás familias cuxa situación laboral cambiase dende o fin do prazo de solicitude, serán atendidas sempre que ha puntuación obtida no baremo sexa superior ás puntuacións da lista de espera. De non ser así, pasarán a formar parte da lista de espera na posición que lle corresponda. Deberán acreditar xunto coa inscrición e o resto de documentación, dito cambio.

Ditas solicituds quedarán tamén condicionadas a organización do servizo como consecuencia da crise sanitaria derivada da covid- 19.

Artigo 15. Custo do servizo.

O custo do servizo ten carácter de taxa, con carácter xeral, o seu importe é de 10 euros/mes (regulado na Ordenanza municipal da taxa pola prestación do servizo “Bos Días Cole” e Actividades Extraescolares).





Artigo 15.1: Bonificacións.

A taxa do servizo “Bos Días Cole” poderán aplicarse as seguintes bonificacións (reguladas na Ordenanza municipal da taxa pola prestación do servizo “Bos Días Cole” e actividades extraescolares) a quen acredite a concorrencia das circunstancias que as xustifican:

- Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa ás familias monoparentais (*definidas según o artigo 13 da Lei 30/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia*) cunha renta per cápita mensual que non supere o IPREM.
- Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa cando o/a neno/a teña unha situación económica na que o cómputo dos ingresos anuais da unidade familiar sexan inferiores ao IPREM.
- As familias numerosas (definidas según o artigo 2 da Lei 40/2003 de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas) cunha renta per cápita mensual que non supere o IPREM, aplicárselles un desconto do 50% sobre o custo da taxa.

Artigo 16. Forma de pago.

O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse do 1 ao 10 de cada mes.

No suposto de devolución dun recibo, a área responsable do servizo comunicará vía telefónica ao usuario/a, mediante os datos a efectos de notificación indicados, dita devolución fixando un prazo de 10 días para presentar o xustificante de ter feito efectivo o pago mediante ingreso bancario no número de conta que se lle facilitará a tal efecto.

O non cumprimento, dentro dos prazos previstos, do pago das cotas, levará á baixa automática do/a alumno/a mediante un comunicado escrito do Concello de Barbadás.

Se alguén se da de baixa antes da finalización do mes, non lle será devolto o importe aboadado, quedará dado de baixa para o mes seguinte.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

Artigo 17. Lugar de desenvolvemento.

As actividades desenvolveranse nos espazos cedidos por cada un dos centros educativos e aprobados polo Consello Escolar, previa petición do Concello.

Artigo 18. Accidentes e lesións

O Concello de Barbadás dispón dun seguro de responsabilidade civil en caso de lesión ou accidente. O Concello proporcionará a súa aseguradora un listado de todos os/as alumnos/as que estén inscritos nos servizo “Bos Días Cole” que o Concello de Barbadás propón para o curso 2020-2021.

O Concello de Barbadás resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bo desenvolvemento do servizo “Bos Días Cole”.

